

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com		
Data:	27/11/2024	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás		X
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás		X
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta		X

Dada a ausencia xustificada do Secretario da Federación, Roberto Amarelle Garabán, actúa como secretario accidental o responsable de raids, Adrián Pérez Alonso.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (14-10-2024)

Apróbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 14/10/2024.

2. Trofeos Liga Galega 2024 das distintas especialidades

Claudia toma a palabra, darase unha medalla por persoa e un diploma por equipo para as remudas. Explica que se darán os trofeos de liga O-pé e sprint e mostra os deseños dos mesmos. Propón seguir esa liña de deseño para anos próximos, coa imaxe da FEGADO nas medallas e nas cientas. Os trofeos entregaraos a Dirección Técnica xunto coa a vogal O-pé.

3. Normativa Revisión ficheiros material entrega, pendente e non devolto.

4. Uniformidade CEOs camisetas.

Trátanse os dous puntos simultaneamente. Alicia e Claudia comentan que a entrega de material foi algo caótica e que algúns deportistas non devolveron as camisetas do CEO despois de non seren seleccionados. Publicarase unha noticia para lembrar a obriga de devolver a camiseta durante a proba de remudas, así como para insistir na obrigatoriedade de asistir á entrega de premios. Claudia comenta que se están a unificar os ficheiros de uniformidade co material entregado a cada deportista, Alicia está a xestionando esta tarefa e subíu os documentos á nube.

5. Asamblea Técnica 2025

Jorge comenta que hai 12 bloques que se tratarán seguindo a orde establecida na noticia publicada na páxina web. Todas as propostas serán defendidas e consideradas para a súa aprobación, sendo a máis complexa a oito relativa aos cambios nas categorías.

6. Dorsais e diplomas 2025

Claudia toma a palabra para preguntar se se debe continuar entregando os diplomas dos campionatos Xunta de Galicia do mesmo xeito que nas últimas probas ou se é preciso realizar algún cambio. Tras debater sobre os diplomas, acórdase seguir facilitándoos aos organizadores como se viña facendo ata o de agora. En canto aos dorsais de reposición nas carreiras, Claudia propón que sexan as organizacións das probas quen se encarguen de imprimilos, no canto de facelo a FEGADO. As organizacións quedarían coa recadación xerada polos dorsais de reposición. Esta opción proporase na xunta directiva e na assemblea xeral do mes que ven.

7. Campus de Navidade

Informa Teresa que as datas serán do 27 ao 29 en Bande, cun total de 20 prazas para nenos/as e 5 monitores e desprazamentos organizados en 2 furgonetas alugadas e 2 coches particulares. Realizaranse principalmente actividades de orientación a pé, pero tamén haberá trail-o, cordas e, de forma opcional, bicicleta. A FEGADO financiará o transporte e o 50% do custo do aloxamento. O campus estará aberto tamén a adultos, aínda que estes deberán xestionar de maneira independente o seu aloxamento e transporte.

8. Rogos e preguntas

Javier recorda que a FEGADO pagará peaxes e desprazamento aos asistentes das assembleas (a xustificar con tickets). Tamén propón a xestión de compra de todas as equipacións, incluídas as novas camisetas para comezos da tempada 2025.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:00 h do día antes indicado.